



MEMORIA DE ACTIVIDADES

TEMPADA 2013-2014

Colectivo de Universitarios Activos (CUAC)

1. XESTIÓN E MANTEMENTO DA EMISORA COMUNITARIA CUAC FM.

A Asociación Colectivo de Universitarios Activos -CUAC- é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa fundamentalmente no eido cultural e da comunicación social, sendo propietaria da emisora comunitaria CUAC FM que, de maneira completamente precursora e innovadora, facilita o acceso da cidadanía de forma individual ou organizada a formar parte activa dun medio de comunicación social independente e sen ánimo de lucro. CUAC vén desenvolvendo, dende o ano 1996, unha actividade de emisión radiofónica en directo e continuada os 365 días do ano, a través do dial 103.4 da FM e da web www.cuacfm.org. En 18 anos de emisión, superouse o número de **410 programas**, sendo máis de 1.000 as persoas que fixeron radio e innumerables os convidados aos diversos programas. E todo isto de xeito diario (de luns a domingo) durante 12 meses ao ano.

REFORMA DAS INSTALACIÓNS. O verán de 2014 significou unha **posta a punto das instalacións de CUAC FM**. Un grupo de dez persoas acometeu unha inxente labor de reforma dos estudos José Couso e Alexandre Bóveda, limpeza e pintura de todos os espazos de CUAC FM, así como a renovación dos equipos básicos de emisión.

NOVOS ESPAZOS. As reformas continuarán en 2015 nos **novos locais da asociación**: a escola de radio (Módulo2 da Zapateira) e o local social sito na sé da asociación Alexandre Bóveda (rúa Olmos, 16, A Coruña).

PROGRAMACIÓN COMUNITARIA

CUAC FM oferta unha programación especializada e de calidade que a ten convertido na emisora radiofónica de eido local con maior número de horas de produción propia, así coma na emisora privada que máis horas emite en lingua galega. Así mesmo, cabe destacar que os contidos de CUAC FM teñen unha clara orientación social, cultural e educativa, caracterizándose pola súa especialización e diferenciación, acollendo temáticas cuxo tratamento en profundidade non ten cabida noutras radios convencionais: música local e minoritaria, música tradicional e de grupos galegos, programas de

divulgación científica e medio ambiente, cobertura de movementos culturais minoritarios, programas xuvenís, deporte local, saúde, sensibilización na igualdade, etc.

Informativo local Ar de Coruña.

Un exemplo da actividade dinamizadora e cultural de CUAC FM é a produción do informativo local “Ar de Coruña”, que de maneira comunitaria se realizou cada mes dende a coordinadora de Contidos da emisora. Este programa comunitario ten coma obxectivo manter ao día á cidadanía da súa realidade máis próxima. A través dunha “radiografía de barrio” e do “mosaico sonoro” visualízanse as problemáticas e peculiaridades de cidade. Na tempada 2013-2014 Ar de Coruña achegouse ata os barrios de Elviña, Catro Camiños, Zalaeta, Matogrande, Mesoiro, Feáns e Novo Mesoiro.

Ar de Coruña emíuse tódolos últimos sábados de mes entre as 12:00 e as 14:00 horas. Contou coa colaboración de representantes das asociacións de veciños e colectivos sociais e culturais de toda a cidade. Ademais, participaron expertos en música e teatro, deporte local, saúde e humoristas coruñeses que deron o mellor de seu no único magazine que dedica a súa programación especial a coñecer os barrios da Coruña. No curso radiofónico 2013-2014, pasaron polos micros de CUAC FM divulgadores e científicos como Verónica Campos (educadora ambiental do CEIDA), Antonio Sandoval, a Fundación Cetmar, o Colectivo Brico_Labs e a Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños-CEMMA, entre outros. Contamos con músicos e artistas da talla de Carmen Conde ou Carlos Childe. Falamos da situación laboral da cidade con José Carrillo (Secretario Xeral, UGT Coruña), Rafael Vázquez (xerente da Fundación Ronsel), Oscar Surrigas e Miguel Suárez (das asociacións de empresarios de Matogrande e Catro Camiños, respectivamente). Tamén demos voz ás entidades de barrio, coma as asociacións de veciños de Novo Mesoiro, Feáns e Elviña, o Club Deportivo Zalaeta, a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, Diego Pereiro (xestor de Wekco Coworking) ou Lourdes López e Fernando Losada (usuarios das hortas urbanas de Mesoiro). No eido da saúde, entrevistamos a colectivos coma a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, o Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña, ou a Asociación de Trasplantados Hepáticos de Galicia. Son só algúns exemplos da pluralidade e diversidade que se escoita a través do 103.4.

Programación especial.

Queremos destacar aquí os programas especiais que se fan de maneira comunitaria e puntual dende a coordinadora de Contidos de CUAC FM (con independencia da programación habitual), pois moitos deles supoñen a realización en directo de programas fóra das instalacións da emisora. Todos estes programas están dispoñibles na nosa Web para a súa escoita. Os máis recentes son:

- **Programa “Especial Día da Ciencia na Rúa”** (Maio 2014) programa en directo de 2 horas de duración, que se realizou dende a Casa das Ciencias da Coruña, e que contou coa colaboración do Concello da Coruña e da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias. A produción e emisión deste programa comunitario contou coa colaboración de 16 socios e socias de Cuac in situ, ademais da xente que fixo a produción previa. Entrevistouse a numerosos equipos científicos da cidade, coma o Centro Oceanográfico da Coruña, a Agrupación Astronómica Coruñesa Ío, a Facultade de Ciencias da UDC ou o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña. Tamén tiveron cabida entidades coma os colexios Calasanz e Franciscanos, o Grupo Scout Hércules, ou as Bibliotecas Municipais da Coruña.
- **Programa especial “Feira de Economía Social da Coruña”** (Maio 2014). Deuse cobertura informativa en directo á Feira da Economía Social celebrada na Praza de Pontevedra da Coruña o día 31 de maio de 2014, e que xuntou a máis de 40 entidades que tratan de dar visibilidade a un modelo de economía solidaria, participativa, local e na que se substitúe competir por

cooperar. Nesta cobertura especial, CUAC FM entrevistou ás entidades impulsoras da Feira, coma Intermón-Oxfam e o Proxecto Integral. Máis tamén a diversas experiencias de economía social e sostibilidade como a ONDG Amaramte Setem, as cooperativas Zoca Miñoica, Nosa Enerxía, Fiare, Mulleres Colleiteiras, Velo-ai-vai (transporte ecolóxico), o urbanismo e a arquitectura sustentable, as enerxías renovables, a cultura libre (como o proxecto Galiza Imaxinaria), o hardware e software libre, a tecnoloxía aberta, os mercadiños de troco, a cociña solar... Dúas horas de programa en directo que obtiveron un grande impacto social.

2. ORGANIZACIÓN DO “ENCONTRO EUROPEO DE MEDIOS DO TERCEIRO SECTOR: ENCONTRO 14”.

CUAC FM, en colaboración coa Rede de Medios Comunitarios (REMC) e a Universidade da Coruña, organizou os días 11 a 13 de abril de 2014 o [Encontro Europeo de Medios do Terceiro Sector](#) (ou Encontro14), que reuniu na Coruña a 120 persoas representantes de 10 redes europeas de medios comunitarios e 11 medios de comunicación libres e comunitarios do Estado español. O Encontro celebrouse no Paraninfo da Universidade da Coruña e no Espazo de Intervención Cultural “*Normal*”, contando cunha importante cobertura mediática. O Encontro 14 obtivo o recoñecemento positivo de todos os participantes, tal e como sinalaron as enquisas de satisfacción. Moi destacable a participación das máis de 20 persoas voluntarias de CUAC FM na tarefas de organización ao longo de catro meses e, especialmente, durante a semana do evento. O abrumador aplauso dos asistentes na clausura do Encontro foi para todas elas.

Obxectivos.

Un Encontro é un congreso, unha xornada de intercambio de experiencias e aprendizaxe na que os participantes se poñen ao corrente das innovacións, os avances e as problemáticas que afectan á súa actividade, neste caso aos medios de comunicación social. Os encontros de medios do Terceiro Sector veñen realizándose con regularidade desde 2004, grazas ao impulso da REMC. Son convocatorias abertas e acéptanse achegas doutros sectores ou disciplinas: movementos sociais, profesorado e estudantado, persoal investigador, pasando por persoas interesadas na socioloxía ou no dereito da comunicación.

Participantes.

No “Encontro Europeo de Medios do Terceiro Sector” participaron representantes das principais redes europeas de medios de comunicación libres e comunitarios, coma o [SNRL](#) de Francia, a [CRAOL](#) de Irlanda, a [Närradions Riksorganisation](#) de Suecia, a [Verband Freier Radios Österreich -VFRÖ](#) de Austria, a [Bundesverband Freier Radios](#) de Alemaña, a [UNIKOM Union nichtkommerzorientierter Lokalradios](#) de Suíza, a [Sammenslutningen Af Medier i Lokalsamfundet – SAML](#) de Dinamarca, a [Turun Lähiradioyhdistys ry](#) de Finlandia ou a [Norsk Lokalradioforbund](#) de Noruega, entre outras. Tan só estas redes representan 1.104 medios comunitarios.

A nivel estatal, ademais dos representantes da [Rede de Medios Comunitarios](#), contouse coa presenza de Ión Radio (Madrid), Radio Ronkudo (Corme), Komunikatuz (Bilbao), Eco Leganés (Leganés), Onda Color (Málaga), Onda Merlín Comunitaria (Villaverde, Madrid), Onda Polígono (Toledo), Radio Ritmo (Xetafe), Radio Almenara (Madrid), Unión de Radios Comunitarias de Madrid (URCM), Radio Vallekas (Madrid), Radio Enlace (Madrid), Radiópolis (Sevilla), Radio Kras (Xixón), Radio Televisió de Cardedeu (Cardedeu, Barcelona), Siberia FM (Gasteiz), Radio Guinguada (As Palmas de Gran Canaria), Nosotras en el Mundo (Madrid), Federación Española de Sindicatos de Periodistas (FESP), ademais da coruñesa Cuac FM.

Do **mundo académico**, contouse con profesores e investigadores das **universidades** madrileñas Rey Juan Carlos e Carlos III, así como tamén da UDC.

Debates e obradoiros.

O programa do Encontro14 contou con varias xuntanzas destinadas ao intercambio de experiencias, así como á organización e seguemento do traballo das diferentes entidades. Por outra banda, o Encontro ofreceu unha serie de obradoiros moderados e coordinados por algúns dos responsables dos medios comunitarios participantes. Todo co obxectivo de mellorar o funcionamento, a incidencia e o impacto destes medios nados dende abaixo.

- **Xornada de Experiencias: O Terceiro Sector da Comunicación no marco Europeo. Creando redes para o intercambio de coñecemento.** O venres 11 celebrouse unha xornada de intercambio de experiencias e o seguimento do traballo realizado no marco dos programas europeos Leonardo e Gruntvig nos que están implicados as redes presentes no Encontro. As radios comunitarias de diferentes redes e estados europeos participan, desde 2013, dentro do Programa LEONARDO de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea para mellorar a formación e as competencias das persoas e organizacións partícipes do proxecto en programa GRUNTVIG, para a formación de adultos.
- **Nove obradoiros formativos.** O sábado 12 e domingo 13 de abril, os preto de 120 participantes do Encontro tiveron a oportunidade de debater e aprender novas ferramentas e coñecementos grazas aos obradoiros formativos desenvolvidos (tres deles por duplicado), que tocaron contidos tan diversos coma: Xénero e medios de comunicación; Formación; Incidencia Social en Medios Comunitarios; ferramenta tecnolóxica “Trello”; Facilitación de procesos; Xornalismo Responsable; ou Financiamento Europeo. Entre os formadores contouse con socios/os de CUAC, de medios comunitarios da REMC e de AMARC -Europa.
- **Asemblea anual da Rede de Medios Comunitarios.** O Encontro14 foi o escenario para a celebración da Asemblea Anual da REMC, durante a que se elixiu a nova xunta directiva, entre a que se atopa un representante de CUAC FM.
- **Reunión do European Board de AMARC.** O Consello Europeo da Asociación Mundial de Radios Comunitarias (AMARC) celebrou a súa primeira reunión anual na Coruña. AMARC agrupa a 4.000 membros en máis de 130 países. AMARC traballa activamente coas institucións da Unión Europea en distintas materias, como a alfabetización mediática, a democratización dos sistemas de medios europeos ou a protección das linguas minoritarias.

Difusión e comunicación do Encontro14.

CUAC FM, para a difusión do Encontro, realizou numerosas accións comunicativas, como a elaboración dunha **páxina web** (<http://encuentro14.org>), un **vídeo de presentación** (<https://www.youtube.com/watch?v=deHBNdpde9A>), e unha **aplicación móbil** (<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.appeiros.encuentro14>), así como a publicación do **Dossier de medios** (dirixido aos medios de comunicación que cubriron o Encontro14) e a edición de dous vídeos de resumo do Encontro. Así mesmo, estase en proceso de rematar a edición dun **libro dixital “post-Encontro”** que recolla as palestras e conclusións dos plenarios e debates desenvolvidos durante as tres xornadas que durou o evento. Finalmente, publicáronse na web do Encontro14 os vídeo dos talleres formativos celebrados durante as xornadas.

Impacto en medios de comunicación e redes sociais.

O “Encontro Europeo de Medios do Terceiro Sector” foi obxecto dunha importante cobertura mediática, dende o anuncio da súa realización ata o remate do mesmo, e que se concreta na publicación de reportaxes e informacións sobre o evento en medios de comunicación xeralistas coma El Ideal Gallego, La Opinión, Praza Pública, El Correo Gallego, ABC, La Voz del Agra, Galicia Confidencial, Mundiario, Tercera Información, El Otro kiosko, Radio Malva, Radio Guiniguada, Onda Merlín, Coruña Online, Ión Radio, Radio Almenara, Más Voces, así como as axencias Europa Press e EFE. Así mesmo, a celebración do Encontro14 foi difundida pola Federación de Sindicatos de Periodistas, a Asociación de Prensa de Almería, as webs das universidades da Coruña e Santiago de Compostela, a Asociación de Estudiantes de Periodismo e o Concello da Coruña.

3. FORMACIÓN RADIOFÓNICA E DE MEDIOS COMUNITARIOS.

CUAC FM ofrece diferentes tipos de formación en radiofonía e medios comunitarios. Por unha banda, imparte nas súas instalacións obradoiros ás persoas e colectivos asociadas. Estes obradoiros abarcan dende **formación básica inicial** en comunicación, medios comunitarios, produción, locución e control técnico, ata **formación especializada** en ferramentas específicas de interese para estas persoas na realización dos seus programas de radio. Por outra banda, CUAC ofrece tamén **obradoiros de formación** básica en radiofonía e medios comunitarios á cidadanía non asociada ao colectivo. Estes obradoiros organízanse dende a nosa **Escola de Radio e Asociacionismo** en colaboración con diferentes entidades, xeralmente nas instalacións destas. Ademais, CUAC ten videotutoriais en internet aos que pode acceder calquera persoa.

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN RADIOFÓNICA

CUAC desenvolve nas súas instalacións, ao longo do ano e con periodicidade mensual, un programa de formación dirixido aos socios/as de CUAC FM, á comunidade universitaria e a calquera colectivo ou persoa interesada en facer un programa de radio, que abarca os contidos relacionados coa locución, realización e produción radiofónicas.

- **Iniciación á comunicación radiofónica (2014).** Programa formativo dirixido a persoas sen coñecementos previos de comunicación radiofónica que se realizan con carácter mensual, cunha duración de 10 horas (6 teóricas + 4 prácticas). Na tempada 2013-2014 celebráronse 8 edicións deste ciclo formativo (meses de setembro a xuño) formando a un total de 49 alumnos/as.

Dende xaneiro de 2014 CUAC reformulou o seu plan de formación para novas/os socias/os, incorporando novos formadores e contidos e implementando un programa formativo de 10 horas de duración que abrangue os seguintes contidos: *Módulo 1:* Asociacionismo e Medios Comunitarios (2 horas); *Módulo 2:* Xornalismo e produción radiofónica (2 horas); *Módulo 3:* Realización e control técnico. (2 horas); *Módulo 4:* módulo práctico: produción dun programa comunitario: “Ar de Coruña” (4 horas).

- **Talleres específicos de formación especializada.** En 2014, CUAC ofreceu ás súas persoas asociadas catro talleres de formación especializada: 1) Taller de “Trello”, unha aplicación web para a xestión do traballo en grupo; 2) Formación para o uso do estudo de grabación “Alexandre Bóveda”; 3) Formación para o uso da unidade móbil; 4) Taller de “Audacity”, programa de software libre para a edición de audio.

FORMACIÓN RADIOFÓNICA EXTERNA

Aparte do plan regrado de formación, e habitualmente fóra das súas instalacións, CUAC tamén imparte talleres de iniciación á comunicación radiofónica en colaboración con diferentes entidades, dirixidas á cidadanía en xeral, ademais de ter un canal público de videotutoriais que pode ser consultado por calquera.

- **Obradoiro na Ágora.** Os días 12 e 13 de setembro, CUAC FM impartiu na Ágora da Coruña dous obradoiros de 3 horas de duración cada un a un total de 15 xoves. O programa incluíu formación básica en radiofonía (producción, locución e control técnico), comunicación e medios comunitarios.
- **Videotutoriais.** CUAC FM pon á disposición da cidadanía, a través da plataforma Youtube (<http://www.youtube.com/playlist?list=PL50D6E960BA08581D>) unha serie de 9 videotutoriais cos que se pretende formar e reciclar os coñecementos das persoas asociadas e colaboradoras de Cuac FM e calquera outra interesada nos seguintes contidos: 1) Preescoitas da mesa de son; 2-3) Funcionamento da mesa de mezclas; 4) Monitores; 5) Micros e cascos; 6) Control e calibrado de micros; 7) Audio dende o portátil; 8) Audio dende o teléfono á mesa; 9) Como crear e manter un podcast? Esta páxina conta cun máis de reproducións.

ESCOLA DE RADIO E ASOCIACIONISMO

En 2013 comezou a andar un proxecto moi ambicioso que se chama “Escola de Radio e asociacionismo”, e que nace cos obxectivos de: 1) Favorecer o acceso e a participación activa da cidadanía aos medios de comunicación social co fin de promocionar e difundir a cultura galega a través das radios comunitarias; 2) Adquirir coñecementos básicos sobre radiodifusión: locución, realización e produción radiofónicas, e mellorar a formación en comunicación social e xornalismo dos socios/as de CUAC e da cidadanía interesada en desenvolver un proxecto radiofónico; 3) Favorecer o coñecemento e dominio das técnicas de dinamización sociocultural.

No 2014 realizáronse parte das obras para a habilitación dos espazos cedidos pola UDC para este proxecto (deseño de aulas, activación de tomas telefónicas/internet) así como a merca do material preciso. En setembro de 2014 creouse o GRUPO DE TRABALLO para impulsar as actividades da Escola de Formación e a posta en marcha dun **“observatorio da comunicación”**.

4. CELEBRACIÓN DO 18 ANIVERSARIO DE CUAC.

O Colectivo de Universitarios Activos cumpríu en marzo do 2014 o seu 18 aniversario e celebrámolo cunha serie de actividades de promoción da asociación que se desenvolveron na última semana de marzo:

- **“Historias da Historia de CUAC”**. Xoves 27 de marzo de 2014 (día do Aniversario). Evento desenvolvido nun local do Orzán e que contou coa participación do socio e humorista Víctor Grande.

- **Concerto 18 aniversario.** Concerto de **Lamprologus** (gañadores do XIII concurso de maquetas de CUAC FM) e **SHINE** na sala Mardigras. Celebrouse o Sábado 29. A festa CUAC continuou animada polos DJs da emisora.
- **Programa Especial 18 aniversario**. O domingo 30 de marzo, 5 dos antigos programas máis destacados da historia de CUAC emitiron unha edición especial co fin de “rememorar os vellos tempos” e compartir 18 anos de experiencias radiofónicas e asociativas.

5. CONCURSO DE MAQUETAS CUAC FM (2014).

CUAC convocou en maio de 2014 a **XVI Edición do Concurso de Maquetas de CUAC FM**, que anualmente dende hai 16 anos vén convocando co obxectivo de apoiar aos músicos noveis e que conta, ademais, cun premio especial para a “*Mellor Banda Local*”. Este ano recibíronse case cen traballos e o xurado seleccionou para a final a banda **SKIRL** de Pontevedra (gañadora) e **LE STOMP** de Barcelona. Durante a noite entregouse tamén o **Premio á mellor Banda Local** que gañaron os sadenses **THE TRUNKS**, nesta edición, dotado con 300 euros.

Con este concurso continua o apoio que se fai dende a Radio comunitaria coruñesa polos novos creadores dende a súa fundación en 1996. Esta edición contou coa **colaboración** dos locais da cidade: A franxa, Aquí mesmo, Área crítica, Cazuya, Ciber Club Don Bosco, Faluya, Filomatic, Fuzz y Uptown.

6. RADIOTEATRO E DOBRAXE.

6.1. Colaboración do grupo teatral “**Walkitalkies**” para a grabación da **obra de radioteatro “La resistencia”**. Esta obra de teatro foi escrita polos autores galegos Carlos Losada e Begoña García Ferreira e foi dirixida, producida e interpretada polos membros do grupo de radioteatro de CUAC FM. Está previsto desenvolver en 2015 unha segunda obra, “*Caixa negra*”, autoría de Fernando Epelde. As obras de teatro estrenaranse e emitiranse en CUAC FM na tempada 2014-2015.

6.2. Dobraxa do proxecto do **videoxogo educativo “A Viaxe de Alicia”** sobre a historia da cidade da Coruña. CUAC FM colaborou co proxecto no desenvolvemento das tarefas de cásting de voces e de dobraxe dalgúns dos personaxes do videoxogo. Este proxecto recibiu o premio á innovación educativa da Fundación Telefónica e no concurso internacional Educared 2012. Web do proxecto: <http://labtic.org/proyecto/>

7. PARTICIPACIÓN EN XORNADAS E OBRADOIROS.

7.1. **VI Encontro de Arquitecturas Colectivas** (Valadares, Pontevedra, 11-14 Setembro de 2013). CUAC FM presentou no VI Encontro de Arquitecturas colectivas o proxecto “*Caixa Máxica*” que posibilitou o seu actual Estudio de Gravación Alexandre Bóveda. Os ponentes foron: Ildefonso García de Longoria (arquitecto e socio de CUAC), que describiu as características arquitectónicas do proxecto; Fernando Losada (socio de CUAC e "obreiro" da Caixa), que comentou a experiencia da obra e falou do pasado e presente de CUAC FM; Mónica Alonso (socia de CUAC e coordinadora de Contidos e Formación da emisora), que presentou as actividades desenvolvidas por CUAC grazas á Caixa Máxica. Elaborouse un vídeo que recolle os principais aspectos do proxecto e que foi presentando no Encontro. <https://www.youtube.com/watch?v=UlsyGne4L5Q>

7.2. **Panel de debate no Foro Crowdfunding- CURTUGAL 2013** (Pontevedra, 1 de decembro 2013). “A experiencia de CUAC FM na plataforma goteo.org de Crowdfunding” foi a ponencia impartida por Isabel Lema (coordinadora de CUAC) no “[Foro Crowdfunding](#)” do Curtugal 2013- Feira das Industrias Culturais de Galicia (Pontevedra, 29 e 30 de novembro e 1 de decembro). Dito foro naceu co obxectivo de debater e intercambiar experiencias sobre o financiamento colectivo e a publicación de proxectos culturais mediante licenzas libres Creative Commons. Promoveron o asesor en educación e tecnoloxías Pablo Nimo e o experto en ordenación territorial Davild Santomil.

7.3. **Palestra Asociacionismo e radios comunitarias** na “Casa Tomada”. (A Coruña, 22 outubro 2013). Charla impartida por Tomi Legido en “La casa tomada”, centro sociocultural de A Coruña sobre asociacionismo e radios comunitarias: CUAC FM.

8. ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE CUAC.

Tras case 18 anos de existencia, CUAC iniciou en 2013 un proceso de reflexión interna e debate de ideas co fin de deseñar un plan estratéxico consensuado entre tódalas persoas asociadas que integramos a entidade, e que marcará as liñas de traballo para os vindeiros 5 anos.

O documento do Plan Estratéxico presentouse para o coñecemento das persoas asociadas de CUAC na asemblea de xaneiro de 2014 e foi aprobado na asemblea de xuño de 2014.

9. TRABALLO XURÍDICO PARA A OBTENCIÓN DUNHA LICENZA DE FM.

Baixo o lema “**Queremos unha licenza de FM para a cidadanía coruñesa**” CUAC FM desenvolveu ao longo dos anos 2012 e 2013 unha campaña orientada a acadar algo polo que levamos loitando máis de 17 anos: unha licenza para a única radio comunitaria sen ánimo de lucro da cidade da Coruña. A Xunta de Galicia convocara no DOG de 30 de xullo de 2012 o concurso de licenzas para a FM (bases completas en <http://medios.xunta.es>) co que vai repartir todo o espectro radioeléctrico do que dispón (84 licenzas), excluindo explícitamente que tales licenzas poidan destiñarse a Servizos Comunitarios de Comunicación Audiovisual Radiofónica sen ánimo de lucro (base primeira das bases do concurso, segundo parágrafo). En Agosto de 2013 a Xunta de Galicia resolveu dito concurso no que se exclúe a CUAC FM das licencias outorgadas. CUAC FM, en coordinación coa Rede Estatal de Medios Comunitarios (REMC), continuará en 2014 e nos seguintes anos traballando no recurso contencioso administrativo interposto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que xa foi aceptado polo TSXG.

10. PARTICIPACIÓN DE CUAC FM NA REDE DE MEDIOS COMUNITARIOS (REMC).

CUAC FM é unha das radios comunitarias que, a nivel estatal, impulsaron a creación e consolidación, dende o ano 2005 da Rede Estatal de Medios Comunitarios, desenvolvendo importantes funcións de asesoramento legal e representación institucional das radios comunitarias. No momento actual, ademais de formar parte do **Grupo de Traballo de Lexislación da REMC**, CUAC FM forma parte da **Xunta Directiva da REMC**, sendo responsable da **Secretaría de Formación** da Rede.

11. GRUPO DE TRABAJO DE LINGUAS MINORIZARIAS EN MEDIOS COMUNITARIOS EN AMARC-EUROPA.

CUAC traballa en rede coa Rede Estatal de Medios Comunitarios (REMC) e coa Asociación Mundial de Radios Comunitarias (AMARC). Forma parte do Grupo de Traballo de AMARC-Europa sobre linguas minoritarias en Medios Comunitarios, sendo convidada a participar polo Parlamento Europeo na **Conferencia “Radio broadcasting in minority languages: where we are, where we should go”** (*Programación radiofónica en linguas minoritarias: onde estamos, onde deberíamos dirixirnos*) organizada no seo do Parlamento Europeo (Bruxelas, 16-17 de outubro, 2013). Dúas persoas representantes de CUAC participaron en dito Encontro así como nos grupos de traballos posteriores.

O 16 de xaneiro de 2014 CUAC FM compareceu ante o **Parlamento Europeo en Estrasburgo**, no marco dunha xuntanza do **Intergrupo para as minorías tradicionais, comunidades nacionais e lingüísticas do Parlamento Europeo**. Na comparecencia interviron **Davyth Hicks** (secretario xeral da Rede de Europea as Linguas Rede de Igualdade-ELEN, CEO Eurolang), **Sally Galiana** (presidenta de AMARC-Europa) e **Isabel Lema** (coordinadora de CUAC FM) que presentou o documento de recomendacións elaborado por AMARC Europa para a defensa da pluralidade e diversidade cultural nos medios de comunicación comunitarios.

Na tempada 2014-2015 continuarase traballando nesta mesma liña de acción, promovendo a creación dunha *“Rede europea de radio libres e comunitarias que emitan en linguas minoritarias e traballen coordinadamente para impulsar as linguas e culturas territorializadas”*.

12. COLABORACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- **Colaboración coa Asociación CASCO- Comité Antisida da Coruña** para a difusión das actividades programadas para o Día Mundial contra a SIDA (1 Decembro 2013). A colaboración consistiu na celebración dunha entrevista radiofónica aos representantes de CASCO, e a gravación e emisión dunha cuña radiofónica anunciando as actividades do 1 de decembro. Unha segunda colaboración con CASCO e o COF implicou a emisión dunha cuña sobre a pílula sobre do día despois.
- **Colaboración con Amnistía Internacional:** para a emisión nas ondas de CUAC FM do boletín informativo da ONG Amnistía Internacional.
- **Colaboración coa Fundación Aliados:** emisión de radioficcións e miniprogramas externos para informar e concienciar sobre a defensa dos dereitos humanos.
- **Colaboración coa ONG ecoloxista ADEGA** para a reemisión dos podcasts de contido ambientalista “Radio Cerna”.
- **Colaboración coa Facultade de Informática da Universidade da Coruña** para o desenvolvemento do traballo de fin de grado “RadioCo”, sistema de gravación automática da emisión en directo dunha emisora de radio comunitaria con Software Libre.
- **Colaboración coa Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela** para o desenvolvemento de prácticas e traballos de estudantes de xornalismo sobre medios comunitarios.